

## **A VIDA DO ESTUDANTE NGUYEN TOC**

Eu son Huo, ciado do señor estudante Nguyen Toc. A historia que lles vou contar é a da viaxe de ida e volta que o meu señor e máis eu fixemos entre a aldea de Tsin Ho, no norte do país do Vietnam, e Hue, a súa capital; e o demorado regreso, logo de o meu señor Hguyen Toc se presentar ao exame imperial que alí se desenvolveu no templo do Buda reclinado.

Deixen que de contado lles explique en que consiste o exame imperial e porque emprendemos esta viaxe. Trátase dun exame moi importante, duna competición que se celebra cada cinco anos, que son os anos que o meu señor estudante Nguyen Toc leva estudando sen parar a xeometría e estratexia militar, botánica e enxeñería de pontes, poesía e artes marciais, teatro de monicreques e alta política, as sentenzas extraídas do Tao e as reflexións dos filósofos confucianos, a historia do imperio e as tradicións das inimigos, os costumes dos reptiles e a sobrevivencia no mato, o animismo dos seu ascendentes e o cultivo do opio, a xeografía dos países afastados e a toponimia da súa comarca, as lendas populares e as mitoloxías importadas, a do grifón e a do peng, de poutas afiadas e bico inmenso.

O exame ten esa característica, que pode versar sobre calquera materia pensábel ou impensable, cotiá ou estraña ao coñecemento dos máis. Todo queda ao caso do tribunal imperial, unhas veces benévolo e outras extramadamente cruel, pero sempre imprevisible na escolla das preguntas e imparcial no reparto das calificacións. Outro comportamento sería imposible, pois os cidadáns, por principio ético profundamente enraizado no sentir popular, non aceptarían ningún tipo de favoritismo na concesión dos aprobados. O premio é certamente inmenso en impotancia, pois das ducias de estudantes que se presentan, cegados dos catro cantos do Vietnam, só tres candidatos han pasar a proba. O aprobado, é de seu unha sinecura, pero a orde na que se pasa o exame resulta tamén de importancia extrema. Aquel que obtenía o terceiro lugar entrará a formar parte do círculo do emperador, como un dos seus conselleiros máis próximos e terá, daquela, acceso a residir nas dependencias reais, ao aprobeite das concubinas que fosen rexeitadas polo seu señor, sempre a procura de carne nova do seu contorno, e, se fose caso de gusto, dos eunucos que forman a garda imperial e o seu servizo íntimo de alcoba. Aquel outro que resulte aprobado en segundo lugar entrará a formar parte do goberno da súa rexión de orixe, e poderá co tempo, acceder ao máximo grao na gobernación do seu distrito. Finalmente o que pase o exame coa máxima puntuación será escollido ministro do goberno, con poderes case ilimitados e influencia directa na xestión dos tesouros do país. No é así estraño que a tantos e tantos mozos lles pase pola cabeza converterse en estudantes.

Non crean que o oficio de estudante é unha ocupación doada. Normalmente acceden a esa categoría non os fillos dos ricos, se non membros das clases menos favorecidas aos, a súa comunidade apoia incondicionalmente perante os cinco anos que dura a preparación. Consideran que, cando sexa ministro, ou gobernador, ou membro da corte imperial, terá conta dos negocios e da prosperidade da aldea que o axudou economicamente, que o mantivo a corpo de rei, que lle proporcionou servidume para lle limpar a casa e lle facer de comer tres veces ao día, coidando que nada lle falte.

E foi así que en Tsin Ho contratáronme a min, a Huo, o fillo do carpinteiro, o que amañaba fiestras e cancelas, trabes e portóns. E fun chamado a servir ao señor Ngyen, que ten máis ou menos a mesma idade ca min, que é o fillo do ferreiro da aldea e que de sempre destacara na escola como o máis expelido da clase,

como o máis simpático e o máis sensible, características todas estas moi doadas para ser elixido candidato a estudante do gran concurso quinquenal.

Os que me escolleron explicaron que apreciaban en min a lealdade e a inclinación ao servizo, pero tamén a miña capacidade de autodominio e o meu carácter alegre. Isto último consideroo susto e gústame de verdade. Gústame ser alegre e tamén que a senté o recoñeza como un valor en si mesmo. O meu pai, morto hai un par de anos logo duna aforesia, aprendeume a comezar cada día cantando, celebrando a ledicia de vivir unha xornada máis, de medrar día adía en sabedoría e equilibrio.

Dende o principio non me importou que o que ía ser o meu señor fose da mesma idade ca min. Ao contrario, sentín que nos íamos levar ben sempre que respectásemos as distancias e os papeis que nos fosen encomendados.

Eu coñecía ao meu señor desde os tempos non moi afastados da nosa estadía na escola. Nunca fomos grandes amigos, e non pola posible inimidade entre o lume e a madeira, entre o seu pai ferreiro e o meu, que se dedicaba á carpintería, se non por outras circunstancias das que non teño certeza, pero que podían ter que ver co meu gusto por cazar ras e polo seu desgusto de saír de aventura polo campo, polo carácter aberto das miñas relacións e polo ensimesmamento que, logo de acadada a mocidade, pareceu dominar a Nguyen.

Cando nos presentaron formalmente, xa nos coñecíamos de vista, pois a aldea é o bastante pequena para que tivesemos oportunidade de nos cruzar na rúa ou coincidir nos festivais da celebración da primeira lúa de outono ou do aninovo. Cando nos demos a man por primeira vez houbo, non obstante,, como un sinal especial que semellou unirnos desde ese preciso instante. “Velaí Nguyen, a que has servir de axuda e guía”. “Velaí Huo o teu mozo de cámara, o que vai coidar de que non che falte de nada”.

Deu en chover con forza, tanto que tememos que os monzóns chegasen adiantados, o que podería constituir unha catástrofe para os cultivos aínda sen recoller. Foi unha sorte, pois todos os membros da comunidade que nos despedían no adro saíron á carreira como grea en desbandada. Ollámonos de esguello. Sorrimos, ao unísono tamén, e á carreira entramos na casa que íamos compartir.

Aí, realmente, comeza a historia que paso a lles relatar coa emoción prendida nos ollos e os beizos, que tremen aínda ao recordar os traballos pasados.

Xa no interior da casa acordamos falar da organización. Deseguida asumín o meu papael de subordinado e busquei na cociña os trebellos necesarios para quentar a auga e preparar o té. A peartir daquel instante, daquela primeira cerimonia de submisión, Nguyen sería o meu amo, o estudante e eu o seu criado.

Sen dificultade conviñemos nas rutinas diarias. Tería que acordar ben cedo para preparar o baño a unha temperatura adecuada para a estación: moi quente cando a neve aparece nas montañas, algo máis morna cando cegase a primavera, que aquí é longa e moi irregular no réxime de chuvias, case xeada no verán, cando as temperaturas suben tanto que un pasa o día traspirando sen cesar, e quentar a auga novamente cando as follas falmexadas dos ginkos comezan a caer, o que por estas terras marca a inminente cegada do outono. Xa logo mentras el tomaba baño, tería que preparar o almorzó, poñelo na mesa ordeadamente e, antes que sentara, darlle unha masaxe nas pernas e nas coxas. Como remate da serie de obrigas arredor do almorzó, tiña que preparar a mesa cos estudos do día: poesía para comezar a semsna e técnicas de batalla e estratexias políticas para rematala. No mediodía logo de limpar o cuarto e recoller no xardín flores de hibisco para decorar a sala de estudo, recluíriame na cociña para preparar o arroz e o acompañamento de vexetais que constituiría a base da alimentación durante a xornada (evitábase así que os excesos na inxesta pudiesen minguar a concentración do estudante durante o resto da xornada). Coa posta do sol cegaba o descanso merecido, unha bebida refrescante e algo de froita para comezar, e xa logo un baño aromático, para que o meu señor reflexionase no aprendido no día nos problemas que se lla atravesasen no maxín e

nas preocupacións que lle aflixían o ánimo. Mentres el descansase no salón, volvería eu a cociña para ter conta da cea, que sería por forza, rica e abundante. Máis tarde o plan consistía en falarmos un pouco diante da cheminea ou na solaina que daba ao xardín, contándonos historias inventadas ou reais, ata que cegaba a hora do descanso. Daquela o señor ía para o seu cuarto e eu quedábame a durmir no salón, deitado nunha esteira diante do lume ou preto das escaleiras que daban ao xardín (segundo a época do ano). E así un día tras outro, cunha rutina só alterada polas variacións na comida e nas materias de estudo, adobiadas co mudar dos cantos das aves migradoras.

Os días ían pasando sen moito contacto co exterior. Agás a miñas visitas ao mercado substituídas as veces por algún vendedor ambulante que se presentaba diante da cancela do xardín a ofrecer peixe ou legumes, carne salgada ou cogumelos marinados. Viviamos como eremitas sen que existise en nós a menor sombra de remorso pola nosa relación asimétrica.

Os momentos de maior distensión eran cando descansábamnos logo da cea, pero tamén pasamos moi bos momentos xuntos observando as estrelas, estudando botánica no xardín, repetindo experimentos que ilustrasen as leis da mecánica ou dándolle mil voltas aos miolos na procura de solucións para adivinas clásicas e complicados paradoxos.

Foise fabricando entre nos unha rede tecida de fidelidades, de complicidade e de respecto mutuo, pertillando responsabilidades. El no seu estudo e eu adicado ao traballo da casa e a que de nada lle faltase ao meu señor. Teño que dicir, con todo, que Nguyen non se mostrou en ningún momento displicente cos meus desexos de saber e coñecer e, sempre que estivo na súa man, partillou conmigo os seus achados e pescudas en libros e atados, de onde extraía a meirande parte dos seus coñecementos. Máis duna vez practicamos xuntos a arte da caligrafía e a lectura dos textos clásicos, sobre todo poemas, que el prefería que eu lle lese en voz alta, sostendo que o meu ritmo de lectura era máis apaixonado e máis cálido. Aprendín moito co meu señor Nguyen.

Foi así que, conforme avanzaba o tempo, fun adquirindo unha sensibilidade espacial para o ritmo poético e para a resolución de pasases e relatos, que agora ensaio pola primeira vez nestas poucas follas onde escribo esta historia sobre os avatares que nos levaron en viaxe de ida e volta entre a pequena aldea de Tsin Ho, nas remotas montañas de Hoy Lin, e sé imperial de Hue.